


CEE

Polafía en Cee para lembrar o pasado baleeiro de Caneliñas

LA VOZ

CARBALLO / LA VOZ



Será o sábado 26 de novembro, cando tamén se inaugurará a exposición «Encontro a tres»

20 nov 2022 . Actualizado a las 05:00 h.

Sábado 26 de novembro • 18.00 • A Casa da Cultura de **Cee** acollerá o 26 de novembro unha xornada de lembranza do pasado baleeiro de **Caneliñas**: «Atrás da balea», polafía organizada pola **Asociación de Escritores en Lingua Galega** (AELG) en colaboración co Concello ceense. Nela rexistraranse en vídeo testemuños orais de veciños e veciñas do municipio que tiveron unha estreita relación co mundo da balea. As polafías, lembran dende o consistorio, son un proxecto da AELG co fin de recuperar e

poñer en valor a **literatura galega de tradición oral**. Francisco Xosé Fernández Naval e Xosé Iglesias acompañarán a persoas que traballaron en Caneliñas: Manuel Caamaño, Manuel Trillo, Victorio Caamaño, Jesús Manuel Blanco...